

CELEBRACIÓN DO DOMINGO N'OS COTOS

7 de xaneiro do 2018

BAUTISMO DE XESÚS



OS COTOS CO POBO DE SIRIA
E CON TODOS OS REFUXIADOS



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO 🎵 n° 4 *Amigos nas penas e na festa*
Ou n° 65 Imos compañeiros imos

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos para facer comunidade no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Con esta celebración pomos fin aos días de Nadal, por iso hoxe celebramos o bautismo de Xesús. Recordamos cando el se achegou ao río Xordán para alí ser bautizado por Xoán, o bautista. E naquel momento foi presentado por Deus coma o seu Fillo benquerido, o preferido, alguén a quen vale a pena escoitar.

Tamén hoxe o apóstolo Pedro fala de Xesús, e dinos que vale a pena aprender del, pois pasou facendo o ben e estando cos oprimidos polo mal.

Somos nós, os bautizados, os que agora queremos camiñar da súa man. Queremos escoitalo nos refuxiados que buscan acollida, e queremos facelo crible sendo unha comunidade na que facemos ben.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante *A vida dinos que vale a pena compartir con todas as persoas de ben, persoas que asumen dun xeito responsable a vida de cada día e que o queren facer sentíndose irmáns ao xeito de Xesús, que pasou pola terra facendo sempre o ben, por iso pedimos perdón e comprometémonos:*

Monitor/a

- Comprometédesvos a vivir sendo coherentes na tarefa de ser comunidade?

SÍ, COMPROMETÉMONOS

- Comprometédesvos a vivir sendo coherentes cos valores de Xesús?

SÍ, COMPROMETÉMONOS

- Comprometédesvos a vivir sen facer distincións de persoas buscando sempre a xustiza e a paz?

SÍ, COMPROMETÉMONOS

Celebrante *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar na nosa vida, e das persoas que van perdendo a esperanza e se senten asoballadas polo mal. A todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DIA

Celebrante Rematamos a primeira parte da celebración presentándolle a Deus todo o que nos preocupa. Poñemos tamén nas súas mans as lembranzas dos nosos compromisos bautismais.

(silenzo)

Deus, Noso Pai, cheo de tenrura e misericordia, cando Xesús foi bautizado no río Xordán, Ti, proclamáchelo o teu fillo benquerido. Concédenos a nós, os teus fillos adoptivos polo bautismo, sermos merecentes sempre do teu amor. Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

No Leccionario II – B páxina

LECTURA

LECTURA DO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

♪ n° 7 Andarei na presenza do Señor *SALMO*

(en pé) *No Leccionario II – B páxina* *EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

(sentad@s) gardamos uns instantes de silenzo para acoller a palabra no corazón

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial no que lembramos o bautismo de Xesús, renovamos as nosas promesas bautismais querendo ser coherentes na fe na que nos axudaron a medrar os nosos pais. Dicimos

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a

Credes en Deus Pai,
creador do ceo e máis da terra?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús,
o seu fillo benquerido,
que naceu de María, viviu nesta terra,
deu a vida e resucitou de entre os mortos?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo,
na Igrexa, na comunión dos santos,
no perdón dos pecados e na vida eterna?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

(en pé) ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante Esta é a nosa fe, esta é a fe da Igrexa que nos alegamos de confesar en Xesucristo noso Señor.

Oremos agora a Deus Pai, que no bautismo nos recoñece coma fillos amados seus. Oremos dicindo

Grazas polo teu Fillo, Señor

Monitor/a

1. Por todos os bautizados en Cristo, para que pasemos coma el facendo o ben e curando aos que están oprimidos polo mal. Oremos
2. Polas nais e pais cristiáns para que ao presentaren os seus fillos para o bautismo, sexan conscientes da súa responsabilidade de transmitir con palabras e feitos a vivencia da fe. Oremos
3. Polos nenos e nenas desta parroquia para que atopen cariño e ledicia, para que medren sendo ilusión e esperanza nesta nosa comunidade. Oremos
4. Por nós, reunidos nesta celebración na que lembramos o bautismo de Xesús, para que sendo coherentes cos compromisos do noso bautismo sexamos exemplo dos valores que Deus nos dá no seu fillo benquerido. Oremos

Celebrante *Escoita Pai as oracións dos que a Ti acudimos e fai que camiñemos sempre coma fillos teus e verdadeiros cristiáns. Por Xesucristo, noso Señor. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante Deus Pai ofrécenos ao seu Fillo Xesús para que o escoitemos, e Xesús convídanos a que nos acheguemos a Deus e nos sintamos nas súas mans de Pai, por iso agora coma irmáns en Cristo rezamos hoxe como Xesús nos aprendeu a facer
NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante As nosas mans tendidas uns para os outros expresan a nosa vontade de ser coherentes nos feitos; con corazón de irmáns e irmás que se aman démonos a paz

CANTO 🎵 *nº 36 Fagamos a paz irmáns*

COMUÑÓN

Celebrante Como parroquia estamos reunidos facendo realidade o Reino de Xesús; participar hoxe é comprometer a vida en construír o mundo no camiño do evanxeo. Ditosos nós convidados a compartir agora este pan do Señor.

CANTO 🎵 *nº 58 Acharte presente na vida*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante

Oramos a ti, Señor,
e seguros da túa bondade
pedímosche que acollendo con fe
a palabra do teu fillo,
tamén nós merezamos, polo bautismo,
chamarnos fillos teus e sérmolo de verdade
nas nosas palabras e feitos de xustiza e paz.
Pedímoscho a Ti que vive e reina con nós
por sempre eternamente.

Xesús convídanos a que nos fiemos de Deus, porque El é o PAI da VIDA que confía en nós, nas nosas palabras e nos nosos feitos.

As palabras coas que hoxe temos rezado fanse vivas na tolerancia e no respecto con todas as persoas.

Non deamos as costas ás persoas e aos pobos que foxen do mal e da morte, e o único que buscan son migallas de vida.

Que o Señor nos bendiga, †
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

Avísase das misas (ver folla do mes)